



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao curioso bilingüismo español-inglés nas informacións dos paneis luminosos da Autovía do Salnés (AG-41).

A Autovía do Salnés (AG-41) é un vial de titularidade autonómica, suxeito daquela á lexislación e normativa vixente, tamén en materia lingüística, emanada da Comunidade Autónoma de Galiza. Porén, é posíbel comprobar como en diversos paneis electrónicos desta vía de comunicación, o galego –idioma propio de Galiza e con carácter de oficialidade a todos os efectos- resulta absolutamente excluído, en beneficio dunha información que utiliza un pintoresco bilingüismo español-inglés. Así, un usuario ou usuaria desta autovía poderá ler mentres conduce expresións como a que segue:

“RESPETE LOS LÍMITES DE VELOCIDAD/ RESPECT SPEED LIMIT PLEASE”

Máis en galego non é posíbel. E neste contexto, as motivacións do actual goberno do Partido Popular só poderían ser as seguintes:

- a) O galego non é un idioma apto para as sinalizacións viarias. Podería incrementar a sinistralidade.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- b) A sofisticada tecnoloxía dos paneis luminosos é incompatíbel cunha lingua arcaica como a galega, mais non, por suposto, co español e co inglés.
- c) Galegas e galegos non temos dereito, no noso propio país, a recibirmos información en galego. Dereito que si posúen (e exercen) turistas procedentes de Salamanca ou Birmingham, como é lóxico, debido ao noso elevado espírito hospitalario.
- d) Do mesmo xeito que no ensino se prohíbe que matemáticas, física, química ou informática se poidan impartir en galego, cumpre estender democraticamente ese veto a outros ámbitos, como o da conducción.
- e) Esta é unha evidente proba de bilingüismo harmónico (iso si, español-inglés) e galeguismo amábel (para non molestar é mellor non usar o galego) que caracteriza o perfil centrista-galeguista-democrático-reformista do Partido Popular.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Por que razón se exclúe o galego da información en paneis luminosos na Autovía do Salnés (AG-41), de titularidade autonómica?

2.^a) Que órgano institucional ou unipersoal adoptou tal decisión?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.^a) É consciente o Goberno galego que esta situación colide coa legalidade vixente en materia lingüística?

4.^a) Á vista dos feitos, vaise corrixir esta actuación?

5.^a) En caso concreto, en que prazo?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 25/08/2010 12:03:43